

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Departamento Territorial da Coruña

Servizo de Emprego, Relacións laborais, Traballo Autónomo e Economía Social

Resolución pola que se inscribe e se ordea publicar o acordo do 28 de maio de 2024 da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

O 30 de maio de 2024 tivo entrada no rexistro de acordos e convenios colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON) a solicitude de inscrición da acta co acordo da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña (código convenio: 15000945011981 / AR_BH87LV65).

No escrito asinado o 28 de maio de 2024 pola secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, explicitábase que ese día a referida comisión paritaria acordara asinar as táboas salariais para 2024 e que se presentaba tal acordo diante da autoridade laboral para os efectos de rexistro, depósito e publicación oficial se procedera para dar cumprimento ao Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e á Orde do 20 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Dirección do Departamento Territorial de Emprego, Comercio e Emigración da Coruña é competente para resolver en materia de rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo e plans de igualdade, segundo o disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), de xeito que, de acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Inscribir a acta co acordo do 28 de maio de 2024 da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ordear que se remita, para a súa publicación, ao boletín oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 6 de xuño de 2024

Director do Departamento Territorial

Pedro Pablo Lorenzo Díaz

ACTA DA COMISION PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO
DO SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA PROVINCIA DE A CORUÑA
REUNIDOS

Pola Representación Social	Pola Representación Empresarial
CIG Paulo Rubido Bará Leonardo Benítez Cangini Miguel Veiras García	Asociación Profesional de Empresarios de Limpieza de edificios y locales de la provincia de A Coruña (organización integrada en la Confederación de Empresarios de La Coruña) Ruth López Rodríguez Ramón Salgado Fuentes
UGT Juan M. Carreira García Maria Jesús García Pérez Juan Carlos González Figueira Virginia Barros Ferreiro	ASPEL José Félix Valderrey de la Huerga Mónica Valiño Suárez Beatriz Nogués Ortiz de Arce
CCOO Ricardo Oscar Santos Reiriz Alejandra Gesto Montes Purificación González Blanco Ana Mª Vilariño Vilas	Asesora empresarial Marina Graña Bermúdez

En A Coruña, sendo as 9:30 horas do día 28 de maio de 2024, nos locais da Confederación de Empresarios de La Coruña, reúnense as persoas que compoñen a Comisión paritaria do Convenio de Limpieza da Coruña.

ACORDAN

PRIMEIRO.- Procédese a firmas as táboas salariais coa revisión do 9,8%, segundo acordado no convenio anterior.

SEGUNDO.- As centrais sindicais UGT e CIG desistirán esta semana da demanda de conflito colectivo interposta ante o TSXG e que tiña prevista a vista do xuízo o vindeiro 6 de xuño, ao producirse a satisfacción extraprocesal da mesma.

TERCEIRO.- Acórdase por unanimidade que os atrasos orixinados desde o 1 de xaneiro do 2024 aboaranse antes do 31 de xullo do 2024.

CARTO.- Acórdase delegar no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais para a tramitación necesaria diante da Autoridade correspondente para o rexistro e publicación deste acta coas táboas salariais que o acompaña.

E en proba de conformidade, firman a presente no lugar e data arriba mencionados.

CONVENIO COLECTIVO LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS		
	AÑO 2024	
GRUPO II: Personal Administrativo	Mes	Año
Xefe/a de Primeira	1.610,04 €	24.150,60 €
Xefe/a de Segunda	1.548,64 €	23.229,60 €
Caixeiro/a	1.511,55 €	22.673,25 €
Oficial de Primeira	1.455,87 €	21.838,05 €
Oficial de Segunda	1.296,87 €	19.453,05 €
Auxiliar	1.185,63 €	17.784,45 €
Telefonista	1.151,51 €	17.272,65 €
Cobrador/a	1.151,51 €	17.272,65 €
Ordenanza	1.074,45 €	16.116,75 €
GRUPO III: Mandos Intermedios		
Encargado/a Xeral	1.496,28 €	22.444,20 €
Encargado/a de Zona	1.389,16 €	20.837,40 €
Encargado/a de Sector	1.331,57 €	19.973,55 €
Encargado/a	1.144,56 €	17.168,40 €
Responsable de Equipo	1.088,58 €	16.328,70 €
GRUPO IV: Persoal Operario		
Almaceneiro/a	1.054,21 €	15.813,15 €
Especialista	1.238,63 €	18.579,45 €
Conductor/a-Limpador/a	1.298,07 €	19.471,05 €
Peón Especialista	1.099,14 €	16.487,10 €
Peón	1.071,52 €	16.072,80 €
Limpador/a	1.071,52 €	16.072,80 €
Mozo/a de Recados	969,22 €	14.538,30 €
Plus de Asistencia	80,40 €	964,80 €
Plus de Transporte	79,93 €	959,16 €

CONVENIO COLECTIVO LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	
	AÑO 2024
GRUPO II: Personal Administrativo	Valor Hora Extraordinaria
Xefe/a de Primeira	14,19 €
Xefe/a de Segunda	13,67 €
Caixeiro/a	13,35 €
Oficial de Primeira	12,88 €
Oficial de Segunda	11,54 €
Auxiliar	10,59 €
Telefonista	10,30 €
Cobrador/a	10,30 €
Ordenanza	9,65 €
GRUPO III: Mandos Intermedios	
Encargado/a Xeral	13,23 €
Encargado/a de Zona	12,32 €
Encargado/a de Sector	11,83 €
Encargado/a	10,24 €
Responsable de Equipo	9,77 €
GRUPO IV: Persoal Operario	
Almaceneiro/a	9,48 €
Especialista	11,04 €
Conductor/a-Limpador/a	11,55 €
Peón Especialista	9,86 €
Peón	9,63 €
Limpador/a	9,63 €
Mozo/a de Recados	8,76 €